

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL, O DÍA 3 DE AGOSTO DO ANO 2012.**

**Membros que asisten:**

**Alcaldesa-presidenta:** Paula M<sup>a</sup> Fernández Pena (grupo m. PSdeG-PSOE).

Manuel Cuiña Fernández (grupo m. PSdeG-PSOE)  
M<sup>a</sup> Dolores García Troitiño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Klaus Brey Montaña (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Margarita Campos Espiño (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Antonio Couse Álvarez (grupo m. PSdeG-PSOE)  
Matías Rodríguez da Torre (grupo m. Mixto)  
Manuel Asorey Suárez (grupo m. PP)  
María Jesús Penela Mato (grupo m. PP)  
José Antonio Ramos Dobarro (grupo m. PP)  
José Luis Espiño Espantoso (grupo m. PP)  
Marta López Arines (grupo m. PP)  
Luis Juan Arceo López (grupo m. PP)

**Asiste a interventora do concello:** Isabel Pernas Sánchez.

**Asiste o secretario accidental do concello :** Julio Méndez Castro.

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Silleda, sendo as **trece horas e cinco minutos do VENRES 3 de agosto de 2012** (previamente efectuada a convocatoria pola Alcaldesa o día 01-08-2012 de sesión extraordinaria e urxente ) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia da Alcaldesa os membros do Pleno enumerados, a interventora, e coa asistencia do secretario accidental que suscribe e da fe.

**Ábrese a sesión** pola presidencia , que se desenvolve da seguinte maneira :

**EN PRIMEIRO LUGAR, SOMÉTESE A VOTACIÓN A URXENCIA DA CONVOCATORIA DA SESIÓN DO PLENO**

A alcaldesa explica o motivo da urxencia da convocatoria deste Pleno a petición das organizacións profesionais agrarias, **UNIÓNS AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO** para someter a aprobación unha Moción relativa á situación crítica do sector lácteo en Galicia.

Pásase á votación da urxencia da convocatoria da sesión dirixida pola Alcaldesa deste xeito e con este resultado:

- Votos en contra : ningún
- Abstencións : ningunha.
- Votos a favor : trece (13) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, seis votos dos concelleiros do grupop municipal do PP e un voto do concelleiro do grupo Mixto).

Resulta **aprobado**, por unanimidade o **carácter urxente da convocatoria da sesión**, segundo o artigo 79 do RD 2568/1986 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais.

A **continuación**, a **Alcaldesa** propón aos concelleiros asistentes aos que lles corresponde o cobro das indemnizacións por asistencia a renuncia ás mesmas dado o carácter do Pleno. Vótase esta proposta co resultado que a continuación se indica:

- Votos en contra : ningún
- Abstencións : tres (3) votos (os da Alcaldesa e o 1º Tte. De Alcalde D. Manuel Cuiña do PSdeG-PSOE e o do Concelleiro do grupo mixto D. Matías Rodríguez).
- Votos a favor : dez (10) votos (catro votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, e seis votos dos concelleiros do grupop municipal do PP).

A continuación, pásase a tratar o seguinte punto da orde do día do Pleno:

**1º.- APROBACIÓN DA MOCIÓN PRESENTADA POLAS ORGANIZACIÓNS PROFESIONAIS AGRARIAS: UNIÓNS AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES E SINDICATO LABREGO GALEGO, RELATIVA Á SITUACIÓN CRÍTICA DO SECTOR LÁCTEO EN GALICIA.**

A Alcaldesa da lectura á moción presentada polas organizacións profesionais agrarias para sometela ó seu debate e aprobación, e que literalmente dí:

*“As organizacións profesionais agrarias, UNIÓNS AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO trasladan ós Grupos políticos con presenza nesa Corporación Municipal para que, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sexa presentada para o seu debate e aprobación polo Pleno a MOCIÓN que a continuación se recolle:*

## EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

*O rural de Galicia está a afrontar un lempo de incertezas económicas agravado en boa medida polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. En maio de 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os produtores valencianos. As diferenzas de prezo entre Comunidades Autónomas danse incluso entre gandeiros que entregan á mesma empresa.*

*Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.*

*Unha situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos os custos de produción e o prezo do leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a electricidade e o penso para vacún de leite experimentaron subas espectaculares mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.*

*Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para os que vivimos do sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e outros. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribúen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.*

*As organizacións de produtores trasladámoslle ao Presidente da Xunta de Galicia o pasado día*

*5 de xuño no marco da Mesa do Leite, a necesidade de impulsar diante do Goberno do Estado unha iniciativa política urxente e contundente que impida o estrangulamento financeiro do sector lácteo. Así mesmo, fixemos fincapé na importancia do impulso dun acordo entre industria, produtores e Administración para acadar unha postura común diante da distribución de cara a impedir que as explotacións galegas, a pesar de teren un mercado de proximidade deficitario de leite, vexan como as francesas perciben un maior prezo a pesar de estar nun marco claramente excedentario.*

*A día de hoxe seguimos sen solucións, e a situación do sector é aínda máis sombría, xa que dende entón, producíronse novas baixadas de prezos ó produtor, e pola contra, as materias primas para a fabricación de pensos, seguiron disparándose, especialmente a soia.*

*Polo exposto, as organizacións profesionais agrarias, UNIÓNS AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO, SOLICITAN a presentación desta MOCIÓN diante do pleno da corporación municipal de Silleda, para apoiar nas administracións correspondentes, e solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:*

*1º Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea o que favorece a discriminación de prezos das empresas sobre o leite galego. Para o que é preciso articular mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia para abordar, entre outras, cuestións legais que están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.*

*2º Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria*

*Xullo de 2012.”*

A continuación, a Alcaldesa da a palabra ao portavoz do grupo mixto D. Matías Rodríguez para que proceda a dar lectura á **proposta de enmenda de substitución** presentada polo seu grupo, que literalmente dí:



***MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte emenda sobre a moción da situación do sector leiteiro presentada á Corporación municipal polos sindicatos agrarios para debater no pleno do 3 de agosto de 2012.***

***PROPONSE A SEGUINTE EMENDA DE SUBSTITUCIÓN NO ACORDO:***

*Instar á Xunta de Galiza a adoptar os seguintes acordos en relación coa situación crítica que están a atravesar os produtores, produtoras e cooperativas do sector lácteo galego:*

- 1. Impulsar un programa de capitalización das cooperativas do sector lácteo que permita un proceso de integración de todo o sector cooperativo nun grupo de base ou cooperativa. que propicie a participación dos e das produtoras da cadea de valor e que sexa un instrumento para facer fronte ás imposicións da industria e da distribución.*
- 2.- Institucionalizar a Mesa do Leite e garantir que o seu funcionamento coa intermediación da administración sirva para retomar o seu papel de instrumento que propicie acordos entre as partes respecto dos prezos do leite en orixe garantindo en todo caso que en Galiza non perciban prezos por baixo dos do resto do Estado, para a asunción de compromisos de non utilización do prezo do leite como reclamo e o establecemento de marcos estábeis de relación entre produción, transformación e industria.*
- 3.- Retomar o funcionamento do Observatorio do Sector lácteo como instrumento para a análise da evolución das diferentes variábeis económicas e comerciais que condicionan o sector lácteo, poñéndoo a disposición do sector para que os seus índices e indicadores sirvan de base aos acordos entre as partes.*
- 4.- Renovar a vixencia dos contratos homologados en Galiza e propiciar a través de todosos instrumentos dos que dispón a Xunta de Galiza a súa extensión ao conxunto do sector.*
- 5.- Adoptar as medidas necesarias para que os proxectos empresariais do sector lácteo que contan co apoio económico e institucional da Xunta de Galiza non comercialicen leite a prezos que non garantan a percepción, polos produtores e produtoras, de prezos remuneren os seus gastos e o seu traballo e que ademais tiran á baixa os prezos do conxunto do sector.*
- 6. Impulsar un funcionamento efectivo do Banco de Terras orientando a súa actuación a impulsar aqueles proxectos vinculados co incremento de base territorial das explotaciónslácteas e a eliminar todas as medidas que acaben permitindo a forestación de terras convocación ou aptitude agraria.*
- 7.- Reforzar e incrementar os recursos destinados ás medidas de axuda ao sector lácteo, nomeadamente os orientados á modernización das explotacións.*
- 8.- Reclamar do Goberno do Estado a utilización de todos os mecanismos legais para impedir a importación de leite foráneo tanto pola industria como pola distribución para evitar converternos en sumidoiros dos seus excedentes a costa da ruína dos nosos produtores e produtoras.*

*Silleda, 3 de agosto de 2012*

**Matías R. da Torre**

**Aberto o debate**, desenvólvese así:

O concelleiro D. José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) dí que non entende a enmenda proposta polo concelleiro do BNG, xa que esta moción foi consensuada polas organizacións agrarias cos partidos políticos e mesmo en outros municipios o BNG dá a súa aprobación á mesma.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo mixto) sinala que esta moción non foi consensuada por todas as organizacións agrarias con todos os partidos políticos, senón polas tres maioritarias cos Alcaldes dos Concellos, e que a considera escasa e reflexaba unha posición timorata, de ahí que o seu grupo propuxese a aprobación de esta enmenda de substitución.

A Alcaldesa intervén e manifesta a súa postura de manter a proposta feita polas organizacións agrarias, xa que foi consensuada previamente, e aboga pola aprobación da moción orixinal.

O concelleiro D. José Luis Espiño Espantoso (portavoz do grupo m. PP) reitera na segunda rolda de intervencións, a incongruencia do grupo do BNG ó presentar esta enmenda cando en outros concellos aprobaron esta moción.

O concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo mixto) volve a intervir indicando que en esta comarca todos o membros da súa forza política defenden esta mesma postura reflexada na enmenda presentada. Apunta a importancia de que un concello dos máis potentes en este sector aprobe un texto máis completo e ofrece a posibilidade de que esta enmenda se aprobe como complemento da moción orixinal en vez de como sustitoria da mesma.

A Alcaldesa pecha a rolda de intervencións indicando que entende a postura do BNG, pero reitera que ó atoparse o texto da moción orixinal consensuado previamente, considera que debe ser aprobada sen enmendadas.

**Pásase á votación da enmenda de substitución presentada polo concelleiro Matías Rodríguez da Torre (portavoz do grupo mixto), e con este resultado:**

- Votos en contra : doce (12) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE, e seis dos concelleiros do grupo m. PP).
- Abstencións : ningún.
- Votos a favor : un (1) voto (un voto do concelleiro do grupo Mixto).

**Resulta rexeitada, por maioría absoluta do presentes.**

**A continuación, pásase á votación da moción presentada polas organizacións agrarias relativa á situación crítica do sector lácteo, e con este resultado:**

- Votos en contra : ningún.
- Abstencións : un (1) voto (un voto do concelleiro do grupo Mixto).
- Votos a favor : doce (12) votos (seis votos dos concelleiros do grupo m. PSdeG-PSOE e seis dos concelleiros do grupo m. PP).

**Resulta aprobada, por maioría absoluta dos presentes.**

**A Alcaldesa levanta a sesión sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do mesmo día.**

**Estendéndose a presente acta, da que, como secretario accidental, dou fe e certifico.**

Silleda, 3 de agosto de 2012

  
A Alcaldesa  
  
Paula M. Fernández Pena

D. J. M. Secretario accidental.  
Decreto 27.07.2012  
  
Julio M. Fernández Castro  


